**ANATOMÍA DUNHA CAÍDA**

**[*Anatomie d'une chute*,**
**Justine Triet, 2023, Francia, 150 min., VOSG]**

Lingua **Inglés, francés, alemán**
Dirección **Justine Triet**
Guión **Arthur Harari, Justine Triet**
Montaxe **Laurent Sénéchal**
Fotografía **Simon Beaufils**
Música **Franco Piersanti**
Elenco **Sandra Hüller, Swann Arlaud, Milo Machado Graner**
Produción **Les Films Pelléas, Les Films de Pierre**
Distribución **Elástica**

Sandra é unha escritora alemá que vive co seu marido Samuel e o seu fillo Daniel nun chalé illado no medio dos Alpes franceses. Cando Samuel falece en misteriosas circunstancias, a investigación non pode determinar se se trata dun suicidio ou dun homicidio. Sandra é xulgada por asasinato e o proceso pon a súa tumultuosa relación e a súa personalidade no punto de mira.

Palma de Ouro no Festival de Cannes (2023)

**VINDEIRAS SESIÓNS**

Ás 20.30 h no Teatro Principal de Pontevedra

Martes 23
***XEOGRAFÍAS DA SOIDADE***
(Jacquelyn Mills, 2022, Canadá, 105 min., VOSE)

Martes 30
***FALLEN LEAVES***
(Aki Kaurismäki, 2023, Finlandia, 81 min., VOSG)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #198
16.1.2024

# ANATOMÍA DUNHA CAÍDA

JUSTINE TRIET

CINECLUBE PONTEVEDRA

## «Fun a contrafío do filme de xuízos americano»

*Entrevista a Justine Triet*

**Cal foi o punto de partida de *Anatomía dunha caída*?** Quería facer un filme sobre a derrota dunha parella. A idea era contar a historia da caída dun corpo dunha maneira técnica, para a converter na imaxe da caída da parella, da historia de amor. Esta parella ten un fillo que descobre a historia dos seus pais nun xuízo que anatomiza metodicamente a súa relación. Este neno pasa da etapa da infancia, encarnada pola confianza absoluta na súa nai, á etapa da dúbida. Nos meus anteriores filmes as crianzas estaban presentes, mais non tiñan a palabra, non tiñamos o seu punto de vista. O filme foise convertendo aos poucos nun longo interrogatorio: desde a casa ata a sala do tribunal, non é máis ca unha sucesión de escenas nas que os personaxes son interrogados. Quería volver a un maior realismo, nun sentido case documental, tanto na escrita coma na forma. Pero indo un pouco máis aló en termos de complexidade: en relación ao que trata o filme e ás emocións que este pode producir. Todo se reduciu ao esencial: non hai música adicional, o filme é máis cru, máis nu cós meus traballos anteriores.

**O núcleo do filme é a loita da parella por ter un fillo.** É un filme sobre unha parella e o reparto do tempo, co neno no centro. Que se deben as parellas? Que se dan? É a reciprocidade posible? Sandra Voyter é unha escritora moi coñecida e o seu marido é un profesor que educa o seu fillo na casa ao tempo que trata de escribir. Evidentemente, hai unha deconstrución do modelo arquetípico da parella: os papeis invírtense e mostro unha muller que, ao afirmar totalmente a súa liberdade e a súa vontade, crea un desequilibrio. A igualdade na parella é unha utopía marabillosa, mais moi difícil de acadar, e Sandra decide tomar sen preguntar, sabendo perfectamente que se non o fai non conseguirá nada. Esta actitude é tan poderosa coma cuestionable, e o filme non fai máis ca cuestionala: cuestiona os intentos de democracia na parella, constantemente interrompidos por pulos ditatoriais. Case se converte nunha guerra, cunha dimensión de rivalidade. Mais son grandes idealistas, non se resignan. Mesmo na escena da discusión, que na realidade é unha negociación, seguen dicíndose a verdade, así que para min continúa o amor.

**Coescribiu o guión con Arthur Harari. Non é unha adaptación dun caso real, mais está cheo de detalles xurídicos…** Compartimos o traballo por completo, si. E un avogado penalista axudounos cos aspectos técnicos e co concepto francés da audiencia. Sorprendeunos o carácter un tanto aleatorio do xuízo en Francia, a diferenza dos EE UU, onde a palabra está distribuída dun xeito máis ríxido. Isto permitiunos facer un filme moi francés e irmos a contrafío do filme de xuízos americano, que é moito máis espectacular. Insistinlle ao meu montador para que ralentizase o ritmo e mantivese as tomas perfectas, borrosas e algo movidas. Non quería que o filme resultase cómodo nin demasiado limpo.

**Escribiches para Sandra Hüller, verdade?** Quería volver traballar con ela logo de *Sybil*. Escribín para ela, ela sabíao, e foi algo que me estimulou desde o principio. Esta muller libre que en última instancia tamén é xulgada polo xeito en que vive a súa sexualidade, o seu traballo, a súa maternidade: pensei que lle achegaría unha complexidade e unha impureza á personaxe que eliminaría totalmente a noción de «mensaxe». Coñecémonos de verdade no estudio. A súa verdade trascende o guión. Ancora o máis mínimo diálogo artificial nunha realidade que a atravesa. Ou ben rexéitao e devólvemo. É moi viva. O seu punto de vista é forte e todo pasa polo seu corpo. Ao rematarmos o filme tiven a sensación de que realmente me dera unha parte de si, e de que o que eu captara non podería volver acontecer.

**O xogo de linguas engádelle unha capa de complexidade ao xuízo e un aquel de opacidade á personaxe de Sandra.** Si, segue a alimentar a distancia que temos con ela, unha estranxeira xulgada en Francia, que ten que pregarse á lingua do marido e do fillo. O xuízo explora as distintas capas desta muller. Interesábame tamén analizar a vida dunha parella que non fala o mesmo idioma, para concretar a negociación entre eles, e a idea dunha terceira lingua coma territorio neutral.

**Nas escenas da sala do tribunal pódese sentir o pracer das palabras e o enfrontamento verbal. Como escolleu a Antoine Reinartz?** Escollino pola modernidade que lle daba ao personaxe, por como rompe coa polvorenta solemnidade do xuízo. En certa maneira, interpreta o vilán, aínda que un vilán moi sedutor e extravagante. Fala no lugar do morto, ten que facérnolo ver entrañable aínda que apenas o coñezamos. Antoine trae á sala a violencia civilizada da fiscalía. Pola contra, Swann Arlaud interpreta un personaxe máis ben fráxil, sensible, á defensiva… Non quería unha pelexa de galos entre eles. O seu personaxe, Vincent, é un avogado bo, mais non virtuoso. Coñece a súa clienta, polo que sente máis o perigo. Pareceume interesante que fose unha especie de dobre de Samuel, que os dous se parecesen un pouco. O noso asesor xurídico dixéranos que sempre se che achegan amizades que queren que as defendas, e que sempre é unha trampa. Esta noción de trampa, de distancia imposible de atopar, era importante para a identidade deste dúo. Podes sentir que algo está a pasar, e probablemente Sandra o necesite para sentirse apoiada. Swann é brillante ao facer que todas estas dimensións existan sen diálogo: está aí, brilla.

Recollido de macguffin007.com.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.